



CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COA ASOCIACIÓN XENTE TITIRITEIRA.

En Redondela, a 11 de abril de 2025.

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Concello de Redondela, dona Digna Rosa Rivas Gómez, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De outra, Luis Antonio Crespo Toucedo con NIF 76997086D, que ostenta unha vogalía da Asociación Xente Titiriteira e con CIF G-36454445, con enderezo en Rúa Eidos, 51, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que Concello de Redondela ten competencia en materia de Promoción da cultura e equipamentos culturais; todo elo segundo establece a letra m) do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ademais, de conformidade co artigo 25.1 do mesmo texto legal, os Municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

SEGUNDO.- Que a Asociación Xente Titiriteira figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 169. Que de conformidade co sinalado no artigo 2 dos seus estatutos a Asociación Xente Titiriteira ten como fin principal o de realizar o festival internacional de títeres de Redondela o que supón unha labor de dinamización no eido da cultura dentro de todo o termo municipal de Redondela.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Que a Asociación Xente Titiriteira presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Certificacións de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Declaración responsable respecto a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas

SEGUNDO.- A Asociación Xente Titiriteira ven desenvolvendo dende fai anos o Festival internacional de títeres. Esta actividade vai redundar en beneficio dos veciños de Redondela que van ter a oportunidade de asistir ó evento citado. A maiores este festival terá unha importante repercusión e será un polo de atracción. A súa actividade céntrase na potenciación dunha disciplina do mundo do teatro como é a dos monicreques. E sendo ademais unha rama teatral que entenden ben os nenos, este festival convertese, ademais dun xeito de introducir a nosa infancia e xuventude no mundo teatral, nunhas xornadas orientadas a toda a familia. A súa vez, co carácter internacional, ademais de servir para que en Redondela se coñezan outras sensibilidades artísticas, é un xeito para que o noso municipio sexa coñecido no estranxeiro. Por último, debe destacarse o elemento unitario dentro do festival das diferentes actividades que o compoñen e que todas elas conforman a natureza do mesmo.

Debido as características singulares e propias deste evento cultural non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrencia.

En virtude do anteriormente exposto, o Concello de Redondela e a Asociación Xente Titiriteira acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a Asociación Xente Titiriteira está interesada en recibir un patrocinio por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a realización do **XXVI Festival Internacional de Títeres** de Redondela que se celebrará do 12 ao 18 de maio do 2025. Patrocinio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de actividades culturais.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en mellorar a realización deste festival teatral que poña en valor a vila para os seus veciños e que se converta nun xeito de colmar as aspiracións no eido da cultura dunha parte da poboación ó achegarlle unha disciplina do mundo do teatro que non é doado de atopar nos circuitos comerciais, todo elo dentro da competencia xenérica do Iltmo. Concello de Redondela para satisfacer todo tipo de necesidades veciñais que lles outorga o artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRA.- Tal como se establece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción dunha actividade cultural e de ocio e como se di na exposición segunda, tendo a realización do Festival unha importante repercusión nun ámbito importante da veciñanza do municipio e nun ámbito como é o da cultura. É por elo que se demostra deste xeito o interese social polo que o Concello de Redondela ven de decidir de asinar un convenio coa Asociación Xente Titiriteira.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Así, no Orzamento aprobado polo Pleno do Ilmo. Concello de Redondela no ano 2022 e prorrogado para o ano 2025 recóllese a aplicación orzamentaria 3341A/489.0005 para o outorgamento da subvención. Con posterioridade e por acordo de Resolución de Alcaldía 2025-1321 de 11 de abril do 2025, aprobouse outorgar unha subvención por importe de 59.000€ (CINCUENTA E NOVE MIL EUROS) a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- A Asociación Xente Titiriteira comprométese a seguir realizando o festival antes mencionado, como ata agora o veñen facendo e en concreto a:

a) A organizar o Festival internacional de títeres, sendo única responsable da súa realización, así como a titular dos resultados que se puideran derivar do desenvolvemento do mesmo.

b) Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que a mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela. As mencións deberán efectuarse en lingua galega.

c) A presentar calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.

d) A Asociación Xente Titiriteira comprométese a facer un uso responsable das instalacións que poña a súa disposición o Concello sen causar danos nos mesmos.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recolla como anexo deste convenio e en especial a aportar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos, polo importe de 59.000 € (CINCUENTA E NOVE MIL EUROS) co obxecto de verificar que a actividade desenvólvese e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación so se poderá referir a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificado.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. **A xustificación da subvención so poderá centrarse nos gastos directos nos que incorra a Asociación na realización do festival en concreto nas actuacións de rúa (66.588,16€) e os seus gastos técnicos (4.840 €), de hotel (8.000 €), carpas (8.470€), aluguer escenario (302,5 €), seguro de responsabilidade civil (385,52€) e aluguer de cadeiras (1089 €).**

Os gastos xustificables non poderán ter o carácter de investimento. Así mesmo, se polas actuacións de rúa, a Asociación recibe algún tipo de ingreso directo pola representación das mesmas, o seu importe será reducido do importe total da subvención. De producirse o caso citado anteriormente, a Asociación presentaría previamente o aforo de cada un dos espectáculos que poden estar suxeitos ao cobro dunha entrada e coa xustificación final presentará unha declaración coas entradas vendidas e o ingreso realizado.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá á Asociación Xente Titiriteira a que presente outra xustificación.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada. Neste caso, queda acordado que de existir unha cancelación, independentemente de calquera que sexa a causa, do festival antes do seu inicio, a Asociación Xente Titiriteira, procederá á devolución da totalidade do importe adiantado. No caso de que a cancelación ocorra xa transcorrida algunha xornada do Festival, polo importe non xustificable, a devandita Asociación, deberá proceder á devolución da cantidade.

O pago realizarase con carácter ex-ante pola cantidade de 41.000 € (CORENTA E UN MIL EUROS) unha vez producida a sinatura e o importe do convenio restante unha vez presentada a xustificación. **O prazo máximo para a xustificación será dun mes dende o remate do Festival (18 de maio).**

No caso de que a xustificación non acadara a cantidade subvencionada, procederase automaticamente a apertura dun procedemento de reintegro pola diferenza entre a subvención e a cantidade xustificada.

Coa finalización da subvención a Asociación Xente Titiriteira deberá presentar:

1. Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de asistentes ó festival.

2. Conta xustificativa dos gastos según o modelo do Anexo I, no que deberá constar: acreedor, Nif, número de factura, data de emisión, concepto, importe e data de pagamento.

3. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.

4. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.

5. Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.

6. Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

7. Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificable supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.

8. Unha certificación de atoparse ó corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.

9. Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.

10. O gasto total que tivo que asumir a entidade beneficiaria.

Concello de Redondela



11. O xustificante bancario de pago de todas as facturas presentadas, non se admitirán xustificantes de pago en efectivo das mesmas.

Previamente á aprobación do gasto, a área de cultura procederá á valoración de se, coa xustificación presentada pola Asociación se cumpre coa finalidade básica da subvención.

Por último, a Asociación Xente Titiriteira comprométese a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o ltmo. Concello de Redondela conforme ás Bases de subvencións aprobadas no seu día polo órgano competente no ano 2025 pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de:

- a) Tramitar a xustificación que presente no seu momento a Asociación.
- b) Colaborar para a boa execución deste convenio.
- c) Facilitar o uso gratuito das instalacións municipais necesarias co único obxecto de realizar o XXVI Festival Internacional de Títeres de Redondela. Durante o desenvolvemento do festival a Asociación Xente Titiriteira terá un uso exclusivo dos espazos solicitados, tales como: salas de exposicións do multiúsos, auditorio, aparcadoiro, salas de almacenaxe, etc.
- d) Asumir únicamente o compromiso económico que se recolle na cláusula terceira, imputándose ó exercicio orzamentario do ano 2025.

Debido ás características deste convenio, non é necesario establecer consecuencias no caso de incumprimento dos compromisos asumidos por cada parte, mais alá de que no caso de que a Asociación xustificase unha contía inferior ó importe adiantado dos 41.000 € deberá proceder á devolución pola cantidade non xustificada, tendo o carácter de ingreso de dereito público.

SÉTIMA.- A Asociación Xente Titiriteira é a única responsable de cantos danos, tantos físicos coma materiais, poidan ocasionarse ó Concello de Redondela e sexan consecuencia directa ou indirecta do uso ou actividade desenvolvida na realización do festival, quedando exento de toda responsabilidade da Asociación.

Así mesmo, a Asociación Xente Titiriteira asume a responsabilidade civil derivada da realización do festival, polo que o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade.

Igualmente, o Concello de Redondela quedará exento de toda responsabilidade derivada de actos do personal dependente da devandita Asociación e de calquera persoa con quen esta se relacione.

Se o Concello fora condenado como responsable civil en procedemento civil ou penal, repercutirá a contía total á que ascende o fallo da sentenza á Asociación Xente Titiriteira.

OITAVA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



as outorgadas polo Concello de Redondela. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da representante da Asociación Xente Titiriteira de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

NOVENA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- As Bases de Execución do Orzamento do Itmo. Concello de Redondela.
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

DÉCIMA.- A Asociación Xente Titiriteira queda expresamente comprometida e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ó reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións

UNDÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste. Corresponderá á Alcaldesa de Redondela a interpretación, modificación e resolución do convenio. A modificación realizarase a proposta do Concello de Redondela e sempre e cando conte con informes favorables. Para o cumprimento da letra f) do artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a existencia dunha comisión paritaria na que a actuación do Concello deberá contar con informes favorables. O período de vixencia deste convenio finalizará coa aprobación da xustificación.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as cláusulas.

DUODÉCIMA.- Con respecto aos datos de carácter persoal que poideran derivarse da execución do presente convenio, as partes asinantes quedan expresamente obrigadas ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia do convenio.

O responsable do tratamento dos datos será o Concello de Redondela, puidendo a Asociación Xente Titiriteira exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Redondela.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Conforme co mesmo o firman as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA
DO CONCELLO
DE REDONDELA

O REPRESENTANTE
DA ASOCIACIÓN
XENTE TITIRITEIRA

Asdo: Digna Rosa Rivas Gómez

Asdo: Luis Antonio Crespo Toucedo.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Anexo ó convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

2.- Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.- Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.

5.- Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.

6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.

9.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.

b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificando alomenos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal.

c) Número de factura.

d) Lugar e data de emisión da factura.

e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

f) Período que corresponda

